



## **BASES I FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE CARLOS VELO (castellano)**

### **[CONDICIONES DE INSCRIPCIÓN]**

Podrán participar aquellos productores o realizadores de cualquier nacionalidad que posean los derechos sobre las obras que presentan.

Se establecen dos categorías de participación:

- 1. Ficción:** Cortometrajes cuya temática principal, espacio de desarrollo o contenido de la historia tengan el medio rural o las pequeñas poblaciones como elemento significativo.
- 2. Documental:** Cortometrajes que contribuyan a la recuperación de la memoria por abordar aspectos culturales y etnográficos tales como oficios, saberes populares, leyendas, hechos históricos, crónica de la emigración, música, gastronomía o cualquier otro aspecto identitario del patrimonio material o inmaterial.

### **[IDIOMAS]**

Los cortometrajes realizados en Galicia deberán estar en gallego o, en su defecto, subtítulos al gallego.

Los cortometrajes realizados fuera de Galicia podrán estar en cualquier idioma siempre que incluyan subtítulos en gallego o en castellano.

## [FECHA DE PRODUCCIÓN Y DURACIÓN]

Los cortometrajes presentados deberán haber sido producidos con posterioridad al 1 de enero de 2011.

La duración de los trabajos presentados no podrá exceder los 30 minutos.

Cada autor o productor podrá presentar un máximo de dos obras.

## [INSCRIPCIÓN]

La inscripción se realizará a través de la plataforma [www.uptofest.com](http://www.uptofest.com). Será necesario rellenar la ficha de inscripción correspondiente y subir el archivo del cortometraje para la pre-selección.

**Plazo de inscripción y envío de cortometrajes:**

Hasta el **17 de mayo de 2014**.

## [SELECCIÓN]

Del total de cortometrajes recibidos a concurso, el jurado seleccionará diez, cinco de cada categoría (documental y ficción).

La organización del certamen se pondrá en contacto con los autores para solicitar, si fuera necesario, el cortometraje en formato de alta calidad para su proyección.

Los cortometrajes seleccionados se exhibirán a lo largo del fin de semana de celebración del Festival en los **municipios de Celanova y Cartelle (Ourense)**

La **Ceremonia de Entrega de Premios** del Festival de Cortometrajes tendrá lugar el **21 de junio de 2014**, en una gala que contará con la **degustación de productos locales**.

Los realizadores/productores, o en su defecto un representante, de los cortos seleccionados que tengan su origen en Galicia, deberán asistir al Festival, de lo contrario el cortometraje quedará descalificado. Esta cláusula no aplica para los cortometrajes internacionales o de otros puntos de España.

La presentación de un corto al certamen supone la aceptación de las bases.

Los cortos ganadores y sus autores serán dados a conocer a los medios de comunicación.

## [JURADO]

El jurado estará formado por profesionales del ámbito artístico y cinematográfico, escogidos por la dirección del festival.

## [PREMIOS]

Entre los cortometrajes seleccionados se establece un **Primer Premio y un Accésit** por categoría (**ficción y documental**).

El **Primer Premio** consistirá en una **obra artística diseñada exclusivamente para el Festival por artistas locales** de reconocido prestigio, un vale regalo para disfrutar de un **fin de semana en un establecimiento de turismo rural y termal, una ruta guiada por la zona de la Raia Seca y una terapia con caballos en el Centro Educativo, Terapéutico y Comunitario A Chaira de Amoroce.**

El **Áccesit** consistirá en un vale regalo para disfrutar de una **cena para dos personas en un prestigioso restaurante de una zona rural, una ruta guiada por la zona de la Raia Seca y una terapia con caballos en el Centro Educativo, Terapéutico y Comunitario A Chaira de Amoroce.**

Asimismo, y durante las proyecciones, se facilitará la votación de los asistentes, estableciéndose un **Premio Especial del Público Carlos Velo** que consistirá en un **fin de semana para dos personas en un alojamiento de turismo rural de la zona y una terapia con caballos en el Centro Educativo, Terapéutico y Comunitario A Chaira de Amoroce.**

En caso de que el cortometraje seleccionado por el público coincidiera con los cortometrajes premiados por el jurado, el Premio Especial del Público pasaría a otorgarse al cortometraje siguiente en obtención de puntos.

Ninguno de los premios podrá declararse desierto ni otorgarse exaequo. Los fallos del jurado serán inapelables.

## [ENVÍO Y DEVOLUCIÓN DE COPIAS]

Tanto los gastos de envío como de devolución de copias de proyección de las películas seleccionadas, si es que fuera necesario, correrán por cuenta de los participantes.

## [ACEPTACIÓN DE LAS BASES]

La participación en este Festival implica la aceptación de todos los apartados de las

presentes bases, así como la resolución, por parte de la organización, de cualquier problema no previsto en estas.

**[COMPROMISO DE PARTICIPACIÓN]**

La persona que inscribe la obra en el Festival declara estar autorizada por la productora a prestar la copia de la película y aceptar las normas del certamen.

[www.festivaldecinecarlosvelo.com](http://www.festivaldecinecarlosvelo.com)



## **BASES I FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE CARLOS VELO (gallego)**

### **[CONDICIÓNS DE INSCRICIÓN]**

Poderán participar aqueles produtores ou realizadores de calquera nacionalidade que posúan os dereitos sobre as obras que presenten.

Establécense dúas categorías:

[1] **Documental.** Curtametraxes que contribúan á recuperación da memoria, por abordar aspectos culturais e etnográficos tales como oficios, saberes populares, lendas, feitos históricos, crónica da emigración, música, gastronomía ou calquera outro aspecto identitario do patrimonio material ou inmaterial.

[2] **Ficción.** Curtametraxes que teñan o medio rural como elemento significativo na temática principal, sexa no espazo de desenvolvemento da trama ou no propio contido da historia.

– As curtametraxes realizadas en Galicia deberán estar en lingua galega ou, no seu defecto, subtituladas neste idioma.

– As curtametraxes realizadas fóra de Galicia poderán estar en calquera idioma sempre que inclúan subtítulos en galego ou castelán.

– As curtametraxes presentadas deberán ter sido producidas con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2011.

– A duración dos traballos presentados non poderá exceder os 30 minutos.

– Cada autor ou produtor poderá presentar un máximo de dúas obras.

#### [INSCRICIÓN]

A inscrición realizarase a través da plataforma [www.uptofest.com](http://www.uptofest.com)  
Será necesario cubrir a ficha de inscrición correspondente e subir o arquivo da curtametraxe para a preselección.

Prazo de inscrición e envío de curtametraxes, ate o **17 de maio de 2014**.

#### [SELECCIÓN]

– Do total de curtametraxes recibidas a concurso, o xurado seleccionará dez, cinco de cada categoría (documental e ficción).

– A organización do certame poñerase en contacto cos autores para solicitar, se fose necesario, a curtametraxe en formato de alta calidade para a súa proxección.

– As curtametraxes seleccionadas exhibiranse ao longo da fin de semana de celebración do Festival en Cartelle e Celanova (Ourense).

– **A Cerimonia de Entrega de Premios** do Festival de Curtametraxes terá lugar o **21 de xuño de 2014** nunha gala que vai rematar coa degustación de produtos locais.

– Os realizadores/produtores, ou no seu defecto un representante, das curtas seleccionadas que teñan a súa orixe en Galicia, deberán asistir ao Festival. De non ser así a curtametraxe quedará descualificada. Esta cláusula non se aplicará para as curtametraxes internacionais ou de outros puntos de España.

– A presentación dunha curta ao certame supón a aceptación destas bases.

– As curtametraxes gañadoras e os seus autores serán dados a coñecer aos medios de comunicación.

#### [XURADO]

O xurado estará formado por profesionais do ámbito artístico e cinematográfico escollidos pola dirección do festival.

#### [PREMIOS]

Entre as curtametraxes seleccionadas establécese un **Primeiro Premio** e un **Accésit** por categoría (ficción e documental).

O **Primeiro Premio** consistirá nunha **obra artística deseñada exclusivamente para o Festival por artistas locais de recoñecido prestixio, un bono para unha fin de semana nun establecemento de turismo rural e termal, un roteiro guiado pola zona da Raia Seca e unha terapia con cabalos no Centro Educativo, Terapéutico e Comunitario A Chaira de Amoroce.**

O **Accésit** consistirá nun **bono dunha cea de dúas persoas nun prestixioso restaurante dunha zona rural, un roteiro guiado pola Raia Seca e unha terapia con cabalos no Centro Educativo, Terapéutico e Comunitario A Chaira de Amoroce.**

Así mesmo, e durante as proxeccións, facilitarase a votación dos asistentes, establecéndose un **Premio Especial do Público Carlos Velo**, que consistirá nunha **fin de semana para dúas persoas nun aloxamento de turismo rural da zona e unha terapia con cabalos no Centro Educativo, Terapéutico e Comunitario A Chaira de Amoroce.**

En caso de que a curtametraxe seleccionada polo público coincidise coas curtametraxes premiadas polo xurado, o Premio Especial do Público pasaría a outorgarse á curtametraxe seguinte en puntos. Ningún dos premios poderá declararse deserto nin outorgarse *ex aequo*. As decisións do xurado serán inapelables.

#### [ENVÍO E DEVOLUCIÓN DE COPIAS]

Tanto os gastos de envío como de devolución de copias de proxección das películas seleccionadas, se é que fose necesario, correrán por conta dos participantes.

#### [ACEPTACIÓN DAS BASES]

A participación neste Festival implica a aceptación de todos os apartados das presentes bases, así como a resolución, por parte da organización, de calquera problema non previsto nas mesmas.

#### [COMPROMISO DE PARTICIPACIÓN]

A persoa que inscribe a obra no Festival declara estar autorizada pola produtora a prestar a copia da película e aceptar as normas do certame.

[www.festivaldecinecarlosvelo.com](http://www.festivaldecinecarlosvelo.com)